



TÉCNICOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN

A Resolución do 21 de novembro de 2016 da *Presidencia de la Agencia Estatal de Investigación* aproba a convocatoria, correspondente ao ano 2016, de diversas actuacións contempladas no *Subprograma Estatal de Formación* e no *Subprograma Estatal de Incorporación*, do *Programa Estatal de promoción del Talento y su Empleabilidad*:

http://www.idi.mineco.gob.es/stfls/MICINN/Ayudas/PE_2013_2016/PE_Promocion_e_Incorporacion_Talento_y_su_Empleabilidad/FICHEROS/SE_Incorporacion/Ayudas_contratos_RYC_2016/Resolucion_convocatoria_CONTRATACION_2016_21_noviembre_2016.pdf

A citada resolución convoca, entre outras, **axudas para a contratación de Persoal Técnico de Apoio (PTA)**.

A axuda para este tipo de contratos é de entre 12.000 e 15.000 € segundo o grado académico e a retribución mínima, aínda que a convocatoria marca uns umbrais inferiores, debe cumprir os niveis recollidos no acordo suscrito o 19 de novembro de 2014 entre o reitor da UDC e os representantes sindicais sobre clasificación profesional do personal contratado, con cargo a proxectos de investigación da UDC:

http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/investigacion/Acuerdo_clasificacion_profesional_persoal_PCVI.pdf

Os centros de investigación e transferencia da UDC (CIT, CITEEC, CITIC e CICA), institutos universitarios, grupos ou unidades de investigación da UDC poden presentar as súas solicitudes para concorrer a esta convocatoria (que será presentada de modo institucional), sempre que asuman o correspondente cofinanciamento (o que implicará indicar, no momento da solicitude, e demostrar, no momento da concesión, que se conta con crédito adecuado e suficiente).

En virtude do que indica a convocatoria no seu art. 56.3 *“No se concederán axudas para cofinanciar la contratación de técnicos para las técnicas experimentales propias de grupos de investigación que únicamente sirvan a los intereses de éstos”*, os grupos ou unidades de investigación deberán canalizar as súas solicitudes a través dun centro tecnolóxico ou dun instituto universitario de investigación.

As solicitudes, xunto con formulario xerado pola solicitude do candidato/a, deberanse entregar na Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a investigadores (ESCI- Elviña) ata o día **1 de febreiro de 2017**.

Para calquera dúbida diríxanse ao correo electrónico: coordinacion.investigacion@udc.gal ou ás extensións: 5761 e 5760.

A Coruña, 14 de decembro de 2016

Salvador Naya Fernández
Vicerreitor de Política Científica
Investigación e Transferencia